

Nome _____

Data _____

Unha flor xigante e fedorenta

En Sumatra, unha illa de Indonesia, vive unha planta que se chama *Amorphophalus titanum* que ten unha flor que cheira moi mal e é unha das máis grandes do mundo.

A planta mide máis de 1,5 metros e tarda varios anos en florecer. A flor «xigante» murcha en menos de dous días.

Desta flor emana un fétido cheiro a carne podre. Por esta razón chamóuselle «flor cadáver». A función deste desagradable cheiro é a de atraer as moscas que buscan cadáveres para poñer os seus ovos. A planta engánaas e así consegue que o seu pole viaxe dunha flor a outra pegado ao corpo das moscas.



1 Que calidades fan especiais a flor de *Amorphophalus titanum*?

2 Onde vive esta planta tan estraña da que fala o texto?

3 Canto tempo vive esta flor?


4 Que mecanismo desenvolveu para conseguir atraer os seus polinizadores?

5 Que grupo de animais son os polinizadores desta flor?

6 Pon exemplos doutros animais que sexan polinizadores. Se coñeces o nome da planta que polinizan, apúntao tamén.

7 Escribe o nome das partes da flor.

pétalo – sépalo – estame – pistilo - ovario



8 Completa as frases.

- A reprodución das plantas pode ser de dous tipos: _____ e _____.
- Na reprodución sexual interveñen _____ plantas.
- Os órganos reprodutores das plantas son as _____.
- A parte masculina dunha flor son os _____ e a parte feminina é o _____.

9 Escribe debaixo de cada planta o tipo de reprodución asexual que presenta.

